

**Xabier Pérez Igrexas, en calidade de Portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Vigo, ao abeiro do recollido no artigos 33 e 54.5 Regulamento Orgánico do Pleno, e da restante normativa que lle sexa de aplicación, promove o seguinte**

## ***V O T O   P A R T I C U L A R***

para a súa defensa ante o Pleno, ao ditame da Comisión Informativa de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal do 18 de novembro 2024, relativo á **PROXECTO DO PLAN ANUAL NORMATIVO PARA O ANO 2025 (Expte. 1742/110)**, formulando as seguintes

### ***EMENDAS PARCIAIS AO DITAME***

**PRIMEIRA.-** Modificar a proposta ditaminada ao efecto de incluír no Plan Normativo anual do Concello de Vigo correspondente ao ano 2025 a elaboración e/ou modificación das seguintes normas:

#### **1. Modificación do Regulamento de Participación Cidadá:**

Obxecto: Actualizar as previsións normativas para promover unha maior e máis efectiva participación da cidadanía na toma de decisións, incluíndo entre outros aspectos:

- a)** Implementación de mecanismos de elaboración participativa dos proxectos de orzamentos municipais.
- b)** Facilitar a iniciativa cidadá.
- c)** Promover o asociacionismo.
- d)** Regular o funcionamento de todos os órganos consultivos e de participación existentes (consellos sectoriais e análogos...) para os dotar de capacidade de co-decisión na definición das políticas municipais no seu ámbito.
- e)** Creación dos Consellos Veciñais de Barrio e Parroquia
- f)** Regular a figura da Valedoría da Cidadanía, blindando a súa independencia cun sistema de elección consensual e dotandoa de maior capacidade de actuación.

## **2. Modificación do Regulamento Orgánico do Pleno:**

Obxecto: Promover un maior respecto á pluralidade expresada na representación institucional da cidadanía que constitúe a Corporación Municipal, facilitar a labor dos grupos da oposición tanto na súa función de control e fiscalización do Goberno como de iniciativa política, e dinamizar o desenvolvemento das sesións plenarias e os seus debates con quendas de réplica para todos os grupos, e facilitar a intervención de colectivos e veciñanza nas sesións plenarias.

## **3. Modificación do Regulamento do servizo público de transporte urbano colectivo de viaxeiros en autobús da cidade de Vigo:**

Obxecto: Adecuar as súas previsións normativas para que permitan a xestión directa e/ou a través dunha empresa pública municipal do servizo, así como determinar en maior detalle as condicións mínimas de prestación do mesmo para a mellor atención das necesidades da cidadanía no conxunto do territorio do termo municipal.

## **4. Actualización do Plan de Mobilidade Urbana Sostíbel (PMUS):**

Obxecto: Actualizar o PMUS, elaborado inicialmente en 2014 e modificado parcialmente en 2021, de cara a implementar medidas máis avanzadas de cara a promoción da mobilidade alternativa fixando como obxectivo a redución significativa do tráfico de vehículos particulares, a través da promoción da mobilidade peonil, ciclábel e con vehículos de mobilidade persoal e uso de transporte público colectivo.

## **5. Modificación do Regulamento do Servizo Municipal de abastecemento de auga e saneamento de Vigo:**

Obxecto: Adecuar as súas previsións normativas para que permitan a xestión directa e/ou a través dunha empresa pública municipal do servizo, así como determinar en maior detalle as condicións mínimas de prestación do mesmo para a mellor atención das necesidades da cidadanía no conxunto do territorio do termo municipal.

## **6. Modificación da Ordenanza Municipal de Medio Ambiente:**

Obxecto: Actualizar a ordenanza aos cambios normativos que se teñen producido, na orientación de promover unha máis intensa e efectiva

protección e valorización do medio natural da nosa cidade, atinxindo especificamente aspectos como:

- a) O alargamento da protección do litoral.
- b) Protección do monte perirubano.
- c) Valorización e recuperación do río Lagares e outros cursos fluviais.
- d) Xestión integral de bioresíduos
- e) Regulación da Zonas de Baixas Emisións

## **7. Estratexia Local perante a Situación de Emerxencia Climática:**

Obxecto: Definir liñas de actuación concretas para dotar de eficacia a Declaración de Situación de Emerxencia Climática na cidade de Vigo, acordada por unanimidade do Pleno.

## **8. Plan municipal de acción contra as inundacións:**

Obxecto: Dotar o Concello de Vigo dun instrumento normativo e de planificación que reduza os riscos nas zonas de inundabilidade identificadas na cidade, de acordo ao previsto no Inungal.

## **9. Modificación do Plan Municipal de Emerxencias:**

Obxecto: Actualizar o vixente Plan Municipal de Emerxencias, incorporando as modificacións na normativa xeral de aplicación, e determinando de maneira detallada as dotacións, dispositivos e procedementos para atención de situacións de emerxencia na cidade.

## **10. Regulamento de xestión e protección do arboredo urbano:**

Obxecto: Dotar dun marco regrado a xestión do arboredo urbano, promovendo a súa protección, nos termos definidos da *Declaración do dereito á árbore na cidade* (Carta de Barcelona, 1995) e adoptando medidas concretas que impidan o avance do arboricidio.

## **11. Ordenanza municipal de Subvencións:**

Obxecto: Dotar dun marco regrado de aplicación municipal que regule a natureza, obxecto, convocatoria, tramitación, procedemento de valoración e resolución das convocatorias de subvencións municipais, garantindo o estrito cumprimento da Lei galega de subvencións e o acceso en igualdade de condicións das entidades/persoas beneficiarias e impedindo a

arbitrariedade ou discrecionalidade no seu outorgamento, así como reforzar a súa xestión transparente.

## **12. Ordenanza municipal de Carta de Dereitos Sociais:**

Obxecto: Definir os dereitos sociais e as necesidades de índole social que, no exercicio pleno das competencias legalmente exercíbeis poderá atender o Concello de Vigo, definindo e regulando a prestación de servizos nesta materia co obxectivo de promover a xustiza social, combater a pobreza e o empobrecemento, e garantir condicións de vida dignas ao conxunto da veciñanza, e habilitando mecanismos para a participación do tecido asociativo e da veciñanza na súa xestión.

## **13. Plan Estratéxico Cultural da Cidade:**

Obxecto: Dotar a cidade dun Plan Estratéxico que defina as políticas culturais do Concello de Vigo, a través dunha elaboración participativa e que pivote sobre cinco grandes eixos básicos:

- a)** Concibir a a cultura como necesidade social e dereito, pulando por facilitar o acceso social á cultura achegando todas as disciplinas e manifestacións artísticas e culturais á maioría social con programación culturais estábeis, diversificadas e descentralizadas.
- b)** Promover un cambio de paradigma pasando da “cidade consumidora” á “cidade creadora” de cultura.
- c)** Apoiar e potenciar o tecido creativo da cidade.
- d)** Valorizar e promover o acervo cultural galego, nomeadamente as súas manifestacións tradicionais, e da lingua galega.
- e)** Visibilizar a achega das mulleres na cultura e promover a diversidade
- f)** Colaborar e cooperar con outros concellos de Galiza e Portugal e proxección no ámbito da Lusofonía.

## **14. Modificación da Ordenanza municipal de Normalización Lingüística**

Obxecto: Actualizar o contido normativo da ordenanza atendendo o previsto no Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega (aprobado polo Parlamento de Galiza no ano 2004) e mais da Carta Europea de Linguas Rexionais ou Minoritaria (ratificada polo Estado español o no BOE do 15 de setembro de 2021), incorporando novas liñas de acción para a activa promoción do uso social da lingua galega na cidade por parte do Concello de Vigo, dotar de plena eficacia o carácter de idioma oficial do Concello da lingua galega e garantir os dereitos lingüísticos da cidadanía.

## **15. Plan Integral de Acción Municipal pola Igualdade e contra a violencia machista:**

Obxecto: Actualizar e sintetizar nun mesmo instrumento de planificación as liñas de acción que viñan sendo recollidas nos sucesivos Plans municipais de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e nos Plans de acción contra a violencia machista do Concello.

## **16. Ordenanza municipal reguladora das Vivendas de Uso Turístico:**

Obxecto: Estabelecer un marco normativo e regulatorio que restrinja de maneira moi estrita e impida o avance do fenómeno ultraespeculativo das Vivendas de Uso Turístico e outras formas análogas de aproveitamento terciario de vivendas, co obxectivo de facilitar o acceso social á vivenda e reverter a escalada de prezos de alugueiro residencial.

## **17. Modificación do Regulamento de Honras e Distincións:**

Obxecto: Actualizar o regulamento para regradar a totalidade de honras e distincións que outorga o Concello de Vigo, establecendo mecanismos participativos, transparentes e a través do consenso polo conxunto da Corporación Municipal para a súa designación.

## **18. Ordenanza municipal reguladora de subministro de combustíbel ao por menor, estacións de servizo, unidades de subministro, anexos e electrolineiras**

Obxecto: Regular a proliferación de instalacións de gasoleneiras na cidade, prohibindo expresamente a súa instalación a menos de 250 metros de distancia tanto de vivenda como de ámbitos especialmente sensíbeis e vulnerábeis (como centros de saúde, centros educativos, residencias de maiores e análogos) así como aqueles que gozan de especial protección ambiental ou patrimonial.

Para todos estes proxectos normativos, establecerase o seguinte calendario de tramitación:

- Data estimada para a consulta pública previa á redacción do proxecto: 1 de xaneiro de 2025.

- Data estimada de aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local: 15 de febreiro de 2025.
- Data estimada de aprobación inicial polo Pleno: 31 de marzo de 2025.
- Data estimada para audiencia e información pública: 15 de abril de 2025.
- Data estimada para aprobación definitiva polo Pleno: 26 de maio.

No caso das modificacións do Regulamento do servizo público de transporte urbano colectivo de viaxeiros en autobús da cidade de Vigo e mais do Regulamento do Servizo Municipal de abastecemento de auga e saneamento de Vigo, atendendo a finalización das prórrogas concesionais en xuño e decembro de 2025 respectivamente, a súa tramitación será prioritaria e urxente, axilizando ao máximo os prazos sinalados como estimación co obxectivo de anticipar a súa aprobación definitiva.

**SEGUNDA.-** Adicionar na proposta de acordos os seguinte:

“Cuarto.- Do grao de cumprimento ou execución do Plan Normativo anual darase conta a través dun informe á Comisión Informativa de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e ao Pleno con carácter trimestral.”

E para que conste, aos efectos oportunos, asíñase a presente en Vigo, Galiza, a 19 de novembro de 2024.

Asdo.



SR. ALCALDE-PRESIDENTE  
**CONCELLO DE VIGO**